

Cantei no sistema temporal do verbo galego

ALEXANDRE VEIGA RODRIGUEZ

Universidade de Santiago

0. INTRODUCCION

Queremos analizar no presente traballo os valores temporais dunha forma verbal da conxugación galega, o perfecto *cantei*. Trátase dunha forma aparentemente inocente e a primeira vista definible en poucas palabras. De entrada sóese ver *cantei* como expresión da pura e simple anterioridade, isto é, do valor 0 - V na simbolización que imos empregar neste artigo¹, sen necesidade doutras “referencias” pasadas como as que necesitan *cantaba* ou *cantara*, por exemplo. O estudio de Santamarina (1974) sobre o verbo galego centrouse na concepción de *cantei* como expresión da anterioridade absoluta, cousa que vemos na descripción alí feita do posto desta forma no sistema temporal do verbo galego: temporalmente retrospectiva a partir dun tempo cero actual e ademais irreferente (cfr. Santamarina, 1974: 110). Esta caracterización de *cantei* concorda coa que noutras palabras dá Rojo para o *canté* do sistema verbal español: “Su fórmula es 0 - V. Indica un hecho anterior al origen” (1974: 103). Rojo analiza e demostra que o *canté* castelán ten por fórmula temporal 0 - V e nada máis ca 0 - V, sen neutralizacións con outras formas nin dislocacións posibles; é, pois, o *indefinido* castelán un tempo de significación temporal única. Neste traballo intentaremos demostrar que o *cantei* galego ten máis valores temporais có da simple anterioridade á orixe, veremos en que consisten estes valores, como os podemos comprobar e que problemas plantexan. Por comodidade ante todo deteré-

¹ Situámonos na liña do estudio sobre a temporalidade verbal en español de G. Rojo (1974); este autor emprega para as formulacións temporais catro símbolos: 0 (punto orixe), -V (vector de anterioridade), oV (vector de simultaneidade) e +V (vector de posterioridade); as fórmulas débense ler de dereita a esquerda, así, (0-V) +V) oV, por exemplo, leráse “acción simultánea a unha acción posterior a outra anterior á orixe”.

monos cando nos veña á man na análise comparativa de fenómenos de temporalidade no verbo español, co que esperamos obte-las vantaxes da comparación entre sistemas evitando caer nos perigos de tal procedemento, do que —repetimos— botaremos man ante todo por comodidade ilustrativa (e vaia por diante esta *excusatio non petita*).

1. CANTEI EN VALOR 0 - V

O significado de anterioridade absoluta de *cantei*, ou o que é o mesmo, o seu valor 0 - V, é o que aparece claramente en exemplos como

onte *choveu*
dixenlle que non viñese
 o Xan *veute* ver, pero *marchou*.

Estes tres exemplos aparécensenos, pois, como perfectamente traducibles ó castelán empregando o perfecto simple *canté*; *cantei* figura neles como nidia “forma de anterioridade” e este valor de anterioridade á orixe ímolo ollar actuando na correlación temporal con verbos subordinados a esta forma.

2. CANTEI E A CORRELACION TEMPORAL TRAS FORMA DE ANTERIORIDADE ORIXINARIA

O valor de anterioridade propio de *cantei* é causa de que existan determinadas formas verbais aptas para indicaren unha relación temporal directamente enfocada desde a perspectiva do valor 0 - V da forma que nos ocupa, isto é, unhas determinadas formas verbais que poden aparecer en *correlación temporal*² con *cantei*. Trátase dos chamados correntemente “tempos relativos” ou “referentes”, que en galego son *cantaba*, *cantaría* e *cantara*, os cales subordinados sustantivamente a *cantei* indican respectivamente acción simultánea, posterior e anterior á do verbo principal:

² Recollemos esta etiqueta de Rojo (1976). No presente traballo entenderemos por *correlación temporal* o feito de que unha forma verbal oriente o seu valor con respecto de outra. Por subordinación correlativa entenderemos aquela hipotaxe na que o verbo subordinado exprese unha determinada relación temporal co verbo principal.

dixo que *chovía* = simultaneidade de *chovía* a *dixo*
dixo que *chovería* = posterioridade de *chovería* a *dixo*
dixo que *chovera* = anterioridade de *chovera* a *dixo*.

A habilidade destas tres formas para se referiren directamente a un perfecto rexente provén do seu valor xeral de expresión dunha relación primaria con respecto dunha referencia anterior á orixe, o que lles val as formulacións seguintes:

cantaba: (0 - V) oV
cantaría: (0 - V) + V³
cantara: (0 - V) - V.

A referencia 0 - V non ten, nin moito menos, por que consistir nun verbo principal en perfecto; pode ser unha referencia temporal de calquera tipo, ou mesmo ser sinxelamente un punto de vista abstracto de anterioridade⁴:

nesta casa *vivían* os meus pais e *nacería* eu, e tamén *viviran* nela os meus avós; con todo a subordinación con respecto dun verbo en perfecto é o caso máis directamente observable de relación con referencia a 0 - V, que é precisamente a fórmula deste perfecto, subordinación máis ca acorde coas etiquetas postas ós “tempos relativos” por Andrés Bello: *co-pretérito*, *pos-pretérito*, *ante-pretérito*⁵.

Pero os tempos tradicionalmente chamados “relativos” non só expresan correlación temporal cun perfecto (de valor 0 - V). Outras formas do

³ Referirémonos sempre a *cantaría* no seu valor *recto* de *pos-pretérito* e nunca ó seu valor *dislocado* (cfr. Rojo, 1974, § 5) de irrealidade nin a ningún outro. Notemos tamén a nosa consciencia de que algúns dos exemplos que presentamos nos que interveña esta forma sentiríanse hoxe máis normais empregando a perífrase *ía* + infinitivo, por ex.: *dixo que ía chover*, debido ó avance desta forma, que lle vai comendo terreo a *cantaría*, pero por razóns de claridade prescindimos de perífrases verbais neste estudio cinxíndonos ás formas do paradigma.

⁴ Xa puntualizou isto Santamarina (1974, 105): “Tal referendo puede estar expresado sintagmáticamente mediante un adverbio o frase circunstancial temporal (*daquela, no ano 18...*) o por un tiempo irreferente retrospectivo (*cantéi*) o, simplemente, por el contexto extralingüístico (*Había un home en Pántaras, que tódolos años por Reis...*)”.

⁵ Falaremos de *ante-pretérito* para referírmonos ó galego *cantara* e ó castelán *había cantado*, por indicaren cada unha no seu sistema a anterioridade a unha referencia anterior á orixe. Notemos que para *había cantado* Bello empregaba a denominación *ante-co-pretérito*, reservando *ante-pretérito* para *hube cantado*. Por cousa da súa fórmula (0-V) -V cremos xusto falar simplemente de *ante-pretérito* para o *pluscuamperfecto*.

paradigma verbal son tamén punto de referencia para a temporalidade de *cantaba*, *cantaría*, *cantara*:

<i>dicia</i> <i>diría</i> <i>dixera</i> (+ os seus equi- valentes en sub- xuntivo) ⁶	}	que	}	<i>chovía</i> <i>chovería</i> <i>chovera.</i>
--	---	-----	---	---

Temos, polo tanto, catro formas indicativas con respecto das cales poden aparecer en correlación *cantaba*, *cantaría* e *cantara*, observando as súas fórmulas vémo-lo seguinte:

dixo (= *cantei*): 0 - V
dicia (= *cantaba*): (0 - V) o V
diría (= *cantaría*): (0 - V) + V
dixera (= *cantara*): (0 - V) - V.

O punto en común entre as catro fórmulas é que o vector situado máis á esquerda, que chamaremos daquí adiante *vector de orixe* ou *vector orixinario*, é sempre un vector negativo -V. Polo tanto as formas verbais que presenten vector de orixe negativo serán as que permitan que *cantaba*, *cantaría* e *cantara* se orienten en correlación con elas. A estas formas o vector de orixe das cales é de anterioridade imos chamar *formas de anterioridade orixinaria* e ás formas que poden aparecer en correlación con elas chamaremos *formas correlativas de anterioridade*.

Na subordinación en correlación temporal as formas correlativas de anterioridade poden ver complicados os seus vectores dependendo de cal sexa a forma rexente. Vexamos, por exemplo, o que sucede con *cantaba* subordinado ás catro formas indicativas de anterioridade orixinaria:

⁶ Prescindiremos de mencionármolas formas de subxuntivo ó longo do noso traballo por non presentaren relevancias desde o punto de vista temporal respecto das de indicativo: en galego *cante* equivale temporalmente a *canto/cantarei* e *cantase* (\sim *cantara*) a *cantei/cantaba/cantaría/cantara*; ó imperativo *canta* atribuímoslle o valor 0+V.

	Valor do verbo principal	Valor correlativo do verbo subordinado
<i>dixo</i> que <i>chovía</i>	0 - V	(0 - V) o V
<i>dicía</i> que <i>chovía</i>	(0 - V) o V	(0 - V) o V) o V
<i>diría</i> que <i>chovía</i>	(0 - V) + V	(0 - V) + V) o V
<i>dixera</i> que <i>chovía</i>	(0 - V) - V	(0 - V) - V) o V

Ou sexa, na subordinación temporalmente correlativa *cantaba* orienta o seu vector primario de simultaneidade con respecto do valor temporal do verbo principal, polo que en principio temos catro fórmulas temporais para *cantaba*, sendo estas (0 - V) o V, (0 - V) o V) o V, (0 - V) + V) o V e (0 - V) - V) o V, fórmulas que presentan dous rasgos comúns e necesarios: o vector primario⁷ é sempre de simultaneidade, o V, e o vector de orixe é sempre de anterioridade, -V; cando o verbo principal aparece en perfecto, valor 0 - V, o *co-pretérito* presenta a súa fórmula máis sinxela, (0 - V) o V, a mesma que presenta fóra da correlación: aquí *vivían* os meus pais, que por iso é a súa fórmula fundamental.

Do mesmo xeito, na subordinación correlativa *cantaría* pode presentar en principio catro fórmulas paralelas ás xa vistas para *cantaba*, ou sexa, (0 - V) + V, (0 - V) o V) + V, (0 - V) + V) + V e (0 - V) - V) + V. Outra vez decatámonos de que o imprescindible é que o vector primario sexa de posterioridade, + V, e o vector de orixe sexa de anterioridade, -V; de novo o valor fundamental é o que aparece na subordinación dependente de *cantei*, coincidente, pois, co valor de *cantaría* fóra da subordinación en correlación temporal.

O mesmo concluímos para *cantara*. As súas catro fórmulas son (0 - V) - V, (0 - V) o V) - V, (0 - V) + V) - V, (0 - V) - V) - V, sendo o relevante que tanto o vector primario como o de orixe sexan de anterioridade, -V, e a fórmula fundamental aparece nas mesmas circunstancias en que aparecía para *cantaba* e *cantaría*⁸.

⁷ Vector primario é para Rojo (1974) o vector situado máis á dereita na fórmula. Vector secundario é, consecuentemente, o segundo vector da fórmula contando desde a dereita; se a fórmula contén só dous vectores, o secundario coincide co que nós chamamos vector orixinario.

⁸ A segunda destas fórmulas, (0 - V) o V) - V é acorde coa denominación *ante-co-pretérito* posta por Bello ó *había cantado* español.

Por suposto que estas catro fórmulas propias de cada unha das formas verbais que acordamos chamar correlativas de anterioridade non son as únicas. Nunha cadea de subordinadas sustantivas na que cada forma verbal refira o seu valor ó verbo anterior as fórmulas iránse complicando progresivamente, así en

díxome o Pedro que o Xan *dixera* que o Xurxo *pensaba* que o Antón *admitiría* que o Xosé *cría* que *chovera*

témo-las seguintes fórmulas para os verbos subordinados:

dixera: (0 - V) - V
pensaba: (0 - V) -V) oV
admitiría: (0 - V) -V) oV) + V
cría: (0 - V) -V) oV) + V) oV
chovera: (0 - V) -V) oV) +V) oV) -V,

fórmulas nas que comprobaremos de novo que o único obrigatorio é o referente ós vectores primeiro e último de cada unha.

Pero será mellor deixarmos xa o terreo das formas correlativas de anterioridade, que non son o obxecto do presente traballo, e voltarmos a *cantei*. Este apartado que dedicamos á correlación tras forma de anterioridade orixinaria tivo por finalidade comprobarmos que *cantei* comparte con *cantaba*, *cantaría* e *cantara* (ademais dos subxuntivos equivalentes) a posibilidade de rexer substantivamente en correlación temporal a estas tres formas correlativas de anterioridade das que falamos; este feito é comprobación de que *cantei* debe incluírse entre as formas de anterioridade orixinaria, pois todas actúan de maneira semellante en canto á rección temporal en correlación. O vector 0 - V correspondente ó valor que polo momento levamos visto para *cantei* é á vez primario e de orixe, pero o feito de que como formas subordinadas en correlación esixa as tres antes vistas débese ó carácter orixinario do dito vector, non ó seu carácter primario.

3. A CORRELACION E AS FORMAS DE SIMULTANEIDADE ORIXINARIA

A gramática latina circunscribía máis ou menos o estudio da *consecutio temporum* a aqueles casos en que o verbo rexente aparecía en forma de “pasado” por existiren formas específicas para a expresión de relacións temporais primarias con respecto daquelas. Esta mesma restricción da correlación temporal chega ata o traballo de Rojo (1976) no que

se estudian no español os problemas da correlación temporal dependente de formas de anterioridade; o fundamental desta correlación en galego xa o esbozamos no apartado precedente.

Imonos preguntar agora se se pode ou non falar de correlación temporal dependente de formas verbais que presenten á esquerda un vector oV ou un vector $+V$, isto é, de formas de *simultaneidade* ou *posterioridade orixinaria* respectivamente. Para empezar, supo-la existencia de relacións temporais primarias orientadas con respecto de $0oV$ é admitir no sistema verbal que se estudie a existencia dos valores $(0oV) oV$, $(0oV) +V$ e $(0oV) -V$. E irresistible aquí a tentación de botarmos man do español. Esta lingua non dispón de formas verbais específicas para as dúas primeiras destas tres relacións temporais, pero si dispón dun tempo verbal que ten por valor fundamental a terceira, $(0oV) -V$: referímonos ó *perfecto compuesto* (ou *ante-presente* na terminoloxía de Bello) *he cantado* (cfr. Rojo, 1974: 104). O vector $-V$ orientado con relación a unha referencia $0oV$, como Rojo sinala, pode habilitar a *he cantado* para a expresión dunha correlación de anterioridade con respecto dunha forma de simultaneidade, así, en español, un exemplo como

dice que ha llovido

presenta $0oV$ como valor de *dice* e $(0oV) -V$ como valor de *ha llovido*, polo que, exactamente igual que nas formas correlativas de anterioridade antes vistas, o verbo subordinado refire o seu vector primario ó valor temporal do verbo principal e isto é o que nos leva a ver tamén aquí unha construción correlativa como as que viramos no apartado anterior e polas mesmas causas: o valor fundamental da forma inclúe unha referencia $0oV$, feito que faculta a *he cantado* para aparecer en subordinación correlativa con *canto*.

No referente ós valores $(0oV) oV$ e $(0oV) +V$ o castelán non dispón de formas específicas. Unha propagación da existencia do valor $(0oV) -V$ en *he cantado* e a súa idoneidade para a aparición en correlación cunha forma de simultaneidade orixinaria pódenos levar a considerar se haberá tamén correlación en exemplos como

dice que llueve

dice que lloverá.

Aceptármola correlación nestes casos supón aceptármola existencia de relacións $(0oV) oV$ e $(0oV) +V$, realizadas respectivamente por *canto* e *cantaré*, ou sexa, polas mesmas formas que realizan os valores $0oV$ e $0+V$. O problema é que non hai maneira segura de dilucidar se

existe ou non correlación nestes dous casos, se *llueve* expresa un valor (0oV) oV ou simplemente 0oV, se *lloverá* expresa un valor (0oV) +V ou simplemente 0+V; con todo, a existencia dunha forma específica para a relación (0oV) -V suxírenos-la posibilidade de admitirmos tamén a existencia dos valores (0oV) oV e (0oV) +V que, anque sen forma verbal exclusiva para a súa representación, veñan expresados por *canto* e *cantaré* na subordinación dependente de *canto*.

No caso do galego os feitos aparecen aínda máis nebulosos pola non existencia dunha forma especial para a expresión do valor (0oV) -V. Aínda así é dominio común e crenza aceptada que a “traducción” ó galego do castelán *he cantado* é *cantei*, e tal como, estimamos, soe ser vista esta equivalencia, parece que se admite que en galego existe a relación temporal (0oV) -V, representada por *cantei*, que con isto xa se nos aparece con dúas fórmulas propias, 0 - V e (0oV) -V. Esta cuestión cos seus problemas e implicacións ocupará de novo a nosa atención máis adiante, agora imos ve-lo que ocorre coas relacións temporais respecto dunha referencia de posterioridade, cuestión que pode clarificar un pouco as cousas.

4. A CORRELACION E AS FORMAS DE POSTERIORIDADE ORIXINARIA

Volvendo outra vez ós feitos do castelán imos ver se se pode falar de correlación dependente de forma de posterioridade orixinaria. Tal correlación debe manifestarse en primeiro termo mediante a existencia das relacións (0 + V) oV, (0 + V) +V e (0 + V) -V, o máis oportuno é ollarmos estes exemplos:

mañana *dirás* que *llueve*
 mañana *dirás* que *lloverá*⁹
 mañana *dirás* que *ha llovido*.

A correlación, cremos, vese aquí como non se vía cando era un presente o verbo principal, agora *llueve* expresa simultaneidade con *dirás*, *lloverá* expresa posterioridade e *ha llovido* anterioridade. No terceiro caso notémos-la correlación vendo que tal secuencia pode referirse perfec-

⁹ Paralelamente ó exposto na nota 3 secuencias así sítense un pouco “literarias” na lingua moderna; o español actual vería máis corrente *dirás que va a llover*. Na correlación nótase ben a idoneidade destas perífrases, das que non nos podemos ocupar neste traballo.

tamente a unha choiva futura para a orixe, pero pasada para o verbo principal:

lloverá esta noite y mañana *dirás* que *ha llovido*.

Esta correlación con respecto dunha forma verbal de posterioridade orixinaria dáse tamén se o verbo principal está en subxuntivo ou imperativo:

cuando <i>veas</i> (arcaico <i>vieres</i>) que	}	<i>llueve</i> <i>lloverá</i> <i>ha llovido</i>
dime que	}	<i>llueve</i> <i>lloverá</i> <i>ha llovido</i>

e traemos isto a colación para sinalarmos que xa Bello detectara a existencia de correlación nestes casos, pero citando únicamente exemplos en que o verbo principal estaba en subxuntivo (cfr. Bello, 1841: 13-4):

cuando *percibas* que mi pluma se *envejece*
 cuando *notes* que *baja* mi estilo
 ... cuando *vieres* que en alguna batalla me *han partido*...,

exemplos cos que ilustra as etiquetas de *co-futuro* e *ante-co-futuro* que propuña para estes usos do presente e do futuro (*Ibid.*). Nótese que falta toda referencia a un caso como o de *dirás que lloverá* ou *cuando veas que lloverá*, onde consecuentemente habería que falar de *pos-futuro*¹⁰.

Polo tanto a correlación tras forma de posterioridade é visible, cousa que non sucedía se o verbo principal estaba en forma de simultaneidade agás no caso de que o subordinado estivese en perfecto composto.

Pasando xa ó galego, a correlación vese en exemplos como

¹⁰ Rojo (1974, 101-2) ofrece unha interpretación diferente, coa que non podemos estar de acordo. Para este autor nunha secuencia como *cuando veas que el puchero hierve, hierve* sería un presente con valor de futuro, 0 + V, tipo *mañana voy a Madrid*, co que non habería correlación, senón que os dous membros da construción hipotáctica expresarían posterioridade á orixe (independentemente o un do outro). Esta interpretación non pode explicala visible diferencia entre *dirás que llueve* e *dirás que lloverá*, ou, por exemplo, entre *mañana me dirás que me quieres* (o *querer* ten lugar *mañana*, anque poida vir de antes) e *mañana me dirás que me querrás* (o *querer* aínda non ten lugar *mañana*), ou sinxelamente entre *dime que me quieres* e *dime que me querrás* (imperativo = 0 + V). Por outra parte Bello probou a correlación tamén mediante transformacións ó pasado (1841, 13-4).

mañá *dirás* que *chove*
 mañá *dirás* que *choverá*
 mañá *dirás* que *choveu*.

Vemos que *chove* expresa simultaneidade con *dirás*, *choverá* posterioridade e *choveu* anterioridade. Interésanos por suposto o terceiro caso; como no castelán *mañana dirás que ha llovido* comprobamos que *choveu* expresa acción futura con respecto da orixe, pero anterior con respecto do verbo rexente, cousa que proba a existencia de correlación:

esta noite *choverá* e mañá *dirás* que *choveu*.

Está á vista que *cantei* realiza neste caso un valor (0 + V) -V, un valor de *ante-futuro* na terminoloxía de Bello¹¹, cousa que trae por consecuencia o feito de que debamos sinalar xa que non é 0-V o único valor de *cantei*, tamén expresa unha relación (0 + V) -V. Isto supón unha conclusión: *cantei* non é forma de anterioridade absoluta desde o momento en que tamén pode expresar anterioridade a algo que non sexa o punto 0. Voltaremos sobre esta cuestión que será a conclusión fundamental deste traballo, pero vexamos primeiro que pasa coa noción de “ante-futuro”.

5. CANTEI FRENTE OS DOUS ANTE-FUTUROS DO ESPAÑOL

A denominación *ante-futuro* acuñada por Bello tráenos á mente de contado unha forma composta castelá da que aínda non falamos e á cal o profesor venezolano adxudicara tal etiqueta, referímonos a *habré cantado*. A esta forma Rojo (1974, 108) atribuíu a fórmula (0 + V) -V, que é precisamente a que antes considerabamos realizada por *he cantado* cando se orienta respecto dun verbo principal en forma de posterioridade orixinaria, polo que nos atopamos ante dous posibles *ante-futuros* na conjugación castelá¹².

Pero imos ver se se trata de dous ante-futuros de diferente índole, vexámo-los exemplos seguintes:

¹¹ Bello falara en realidade de *ante-co-futuro* para este valor no español *he cantado*, por correspondencia coa denominación *co-futuro* que dera a *canto* dependente de forma de posterioridade e para evita-la homonimia coa denominación de *habré cantado*. Nós, á vista da fórmula (0 + V) -V cremos sobranste o *-co-*, como fixeramos co *ante-co-pretérito* na nota 5. Nos dous casos buscamos adaptar estas denominacións ó estilo de Bello estrictamente ás formulacións temporais.

¹² Polo dito na nota anterior Bello escapaba da homonimia.

esta noite lloverá y mañana *dirás* que *ha llovido*
 *esta noite lloverá y mañana *dirás* que *habrá llovido*;

o segundo exemplo é agramatical, polo tanto, entendendo a denominación de *ante-futuro* e a fórmula $(0 + V) -V$ como a expresión por parte dunha forma verbal dunha relación de anterioridade a unha referencia $0 + V$ que poida consistir nun verbo principal rexente (paralelamente á interpretación das etiquetas *co-pretérito*, *ante-pretérito* e *pos-pretérito* e das fórmulas $(0-V)$ oV, $(0-V) -V$, $(0-V) +V$ como expresión das tres relacións temporais cunha referencia $0-V$ representable por un verbo rexente en perfecto), atopamos que o *ante-futuro* propio do español, o que realiza na subordinación correlatiya o valor $(0 + V) -V$, é *he cantado* e non *habré cantado*. Esta segunda forma presenta un uso parcialmente diferente, así en

mañana *habré terminado*
 cuando llegues, ya *habré comido*
 en el momento de la explosión nos *habremos alejado* lo suficiente

o futuro composto expresa anterioridade a referencias posteriores á orixe tales como un adverbio de tempo, unha cláusula temporal ou unha frase preposicional en función de complemento circunstancial de tempo. Comparando co exemplo que arriba marcamos con asterisco, vemos que a característica máis peculiar de *habré cantado* é precisamente indicar anterioridade a unha referencia futura *que non consista* nun verbo en forma de posterioridade orixinaria rexente mediante subordinación sustantiva. A fórmula $(0 + V) -V$ que Rojo (1974, 108) adxudica a *habré cantado* resulta enganosa polo seu non paralelismo coas fórmulas de *cantaba* etc., nas que o vector primario aparecía referido a un valor potencialmente representable por un verbo rexente en perfecto. Para operarmos con máis claridade modificaremos lixeiramente a fórmula de Rojo sustituíndoa por $(0 + R) -V$, onde R simboliza toda referencia temporal que non poida consistir nunha forma verbal rexente, e deste xeito vese a diferenza entre os dous *ante-futuros* do español: *he cantado*, que representa o valor $(0 + V) -V$, e *habré cantado*, que representa $(0 + R) -V$ ¹³.

Así no noso exemplo “agramatical”¹⁴ antes citado bastará introdu-

¹³ Pola tendencia das formas de simulteidade a propagaren os seus valores á posterioridade (o coñecido caso do presente *pro futuro* e de *cantaba* por *cantaría*, cfr. Rojo, 1974, 100-1) *he cantado* pode equivaler a *habré cantado*: *cando llegues, ya me he marchado, mañana ya he terminado*, etc. Unha vez máis por razóns de claridade non nos referimos a estes usos temporalmente extensivos.

¹⁴ De todas maneiras había unha posibilidade de que o exemplo fose lóxico:

cirmos unha referencia temporal non verbo rexente para que se volva congruente:

esta noite lloverá y mañana *dirás* que *habrá llovido* de nuevo antes del lunes, onde a fórmula de *habré llovido* é en realidade (0 + V) + R) -V, sendo 0 + V representación de *dirás* e +R representación de *antes del lunes*. O distintivo para *habré cantado* é ter un vector primario -V e un vector secundario +R sempre e cando non exista un vector orixinario -V, pois nese caso caemos no terreo de *habría cantado*, a quen consecuentemente atribuíremo-la fórmula (0-V) + R) -V.

Pero voltemos co galego e con *cantei*. Se fixemos esta incursión no ámbito do *habré cantado* castelán foi para comprobarmos doadamente como o galego *cantei* expresa sen problemas a anterioridade a unha referencia futura que non consista nun verbo rexente, así:

mañá xa *terminei*
cando chegues, xa *comín*¹⁵
no momento da explosión *alonxámono-lo* suficiente.

A equivalencia de *cantei* co español *habré cantado* xa fora sinalada por Santamarina, quen exemplificara con “*Cuando tu chegues á Fonsagrada xa CHEGUÉI eu a Cerredo; Non te apures, muller, cuando cheguen as cinco da tarde xa PASÓU todo*” (1974, 111).

Polo tanto, mentras o castelán ten unha forma específica para a relación (0 + R) -V diferente de outra que realiza (0 + V) -V, o galego non diferencia entre estes dous valores por aparecer *cantei* como único *ante-futuro*, polo cal podemos prescindir en galego do símbolo R e adxudicar en propiedade a *cantei* a fórmula (0 + V) -V. Os exemplos presentados neste apartado, nos que comprobámo-la expresión por parte de *cantei* dunha relación de anterioridade a unha referencia distinta dun verbo principal, son novas mostras do valor antefuturo de *cantei*, forma á que non

que non houbera correlación. Isto mesmo faría que nun exemplo como *dirás que lloverá* ámbolos dous futuros fosen simultáneos (polo menos que o puidesen ser). Temos que admitir esta posibilidade non correlativa, se ben exemplos destes valores estimamos son moi pouco frecuentes. A título de exemplificación citamos estes versos de Gonzalo de Berceo: “si catares a tierra, *verás* que el aniello / *yazrá* con sus sortijas partido del toviello (*Sto. Domingo*, 723 cd), onde sería máis normal esperar *yaze*, en correlación de simultaneidade con *verás*.

¹⁵ Cun exemplo semellante ilustra Constantino García a equivalencia galego *cantei* = castelán *habré cantado*: *cando ti chames, xa marchei eu*, en *Recantos da Lingua*, A Coruña, 1983, 207-8.

vemos impedimento polo de agora para considerar de posterioridade orixinaria.

6. CANTEI E A CORRELACION TEMPORAL TRAS FORMA DE POSTERIORIDADE ORIXINARIA

O valor de posterioridade orixinaria débese poder comprobar mediante as formas verbais que poidan aparecer en correlación con tal posterioridade. No § 2 viramos como o vector de orixe -V que *cantei* no seu valor 0-V compartía con *cantaba*, *cantaría* e *cantara*, isto é, coas demais formas de anterioridade orixinaria, era o responsable de que a aparición dun verbo subordinado en correlación se fixese mediante as formas *cantaba*, *cantaría*, *cantara*, para indicar respectivamente a simultaneidade, posterioridade e anterioridade ó verbo principal. No § 4 vimos que cando o verbo principal aparecía en forma que expresase valor 0 + V o verbo correlativamente subordinado aparecería en forma *canto*, *cantarei* ou *cantei* (en español *canto*, *cantaré*, *he cantado*) para indicar respectivamente simultaneidade, posterioridade e anterioridade ó verbo rexente.

Se no caso das formas correlativas de anterioridade viamos que a súa aparición viña condicionada pola presenza dun vector de orixe -V no verbo principal, o lóxico será supor que tamén calquera forma con vector de orixe +V esixirá *canto*, *cantarei*, *cantei* no verbo subordinado en correlación, formas que se comportan aquí como *correlativas de posterioridade*. Vexamos primeiro a comprobación en castelán, onde as formas que funcionan como correlativas de posterioridade son *canto*, *cantaré*, *he cantado*:

cuando llegues, ya *habrás visto* que *llueve*
 cuando llegues, ya *habrás visto* que *lloverá*
 cuando llegues, ya *habrás visto* que *ha llovido*,

neste caso o vector de orixe que na nosa simbolización é +R é o responsable da aparición das formas subordinadas, o mesmo sucede se é *he cantado* no seu valor de *ante-futuro*, (0 + V) -V, o verbo rexente:

dirás que *has visto* que *llueve*
 dirás que *has visto* que *lloverá*
 dirás que *has visto* que *ha llovido*.

O vector de orixe é, pois, tanto se é de anterioridade como se é de posterioridade, o condicionante das formas correlativas. O mesmo sucede en galego:

cando chegues, xa *viches* que *chove*
 cando chegues, xa *viches* que *choverá*
 cando chegues, xa *viches* que *choveu*;

recalquemos no terceiro exemplo que a choiva pode ser futura vista desde a orixe:

esta tarde *choverá*, cando chegues pola noite xa *viches* que *choveu*.

Atopámonos, pois, fronte ó feito de que *cantei* pode rexer en correlación seis formas verbais distintas: en virtude da súa fórmula $0-V$ —que presenta como forma de anterioridade orixinaria— rexerá as formas correlativas de anterioridade, *cantaba*, *cantaría*, *cantara*, namentras que en virtude da súa fórmula $(0 + V) -V$ —que presenta como forma de posterioridade orixinaria— rexerá as formas correlativas de posterioridade, *canto*, *cantarei*, *cantei*.

As diferencias entre o galego *cantei* e o español *canté* comencan a verse con nitidez: *canté* só pode rexer formas correlativas de anterioridade por non representar no seu sistema máis có valor $0-V$, fórmula que por outra parte incapacita á forma *canté* para aparecer subordinada correlativamente a ningunha outra, cousa que non sucede, como acabamos de ver, no caso do galego *cantei*.

Voltando coa subordinación correlativa con respecto de formas de simultaneidade orixinaria —a correlación máis difusa—, o castelán, que presenta *he cantado* no valor $(0oV) -V$, fai que esta forma rixa en correlación a *canto*, *cantaré*, *he cantado*, que funcionarán neste caso como *formas correlativas de simultaneidade*:

he dicho que *llueve*
he dicho que *lloverá*¹⁶
he dicho que *ha llovido*.

Aceptando polo momento o valor $(0oV) -V$ para o *cantei* galego, esperamos construcións correlativas como

dixen que *chove*
dixen que *choverá*
dixen que *choveu*,

¹⁶ Rojo (1976, 79) admite que *he cantado* pode rexer tanto *cantaré* como *cantaría*. Estimamos que o segundo caso debe ser considerado proba da pouca sistematidade da oposición *canté/he cantado* mesmo nos falantes casteláns, pois a posterioridade a *he cantado* consiste nunha relación $(0oV) -V +V$ e esta fórmula non pode pertencer a *cantaría*, que necesita por forza un vector orixinario de anterioridade. Se *he cantado* pasa a ocupa-lo terreo de *cantei*, $0-V$, si poderá aparecer en correlación con *cantaría*.

co cal estamos ante unha nova diverxencia entre as dúas linguas, pois o castelán distingue *he dicho que llueve* de *dije que llueve* porque no primeiro caso podemos supor correlación na cal *llueve* expresa simultaneidade a *he dicho*, namentras que no segundo ámbalas dúas formas están orientadas por separado respecto da orixe, pois a simultaneidade con *dije* só pode ser expresada por *llovía*.

A admisión para o galego de que *cantei* represente un vector (0oV) -V semellante ó valor normal do español *he cantado* supón considerar que tan correlativo é *dixen que chovía* como *dixen que chove* en tanto as súas fórmulas sexan 0-V, (0-V) oV no primeiro caso e (0oV) -V, (0oV) -V) oV no segundo. Do que se trata é de vermos como habendo simultaneidade orixinaria tamén é este vector de orixe quen condiciona a forma dos verbos subordinados en correlación, anque esta correlación só pode detectarse con claridade no caso do español *he cantado*.

7. MAIS SOBRE A SIMULTANEIDADE ORIXINARIA

A consideración de existencia no sistema verbal galego de relacións temporais con respecto dunha referencia simultánea á orixe é o punto máis débil da nosa teoría. Frente ó español, onde aparece unha forma que representa o valor (0oV) -V, *he cantado*, que fai verosímil sospeitar por paralelismo relacións (0oV) oV e (0oV) +V as cales unicamente poden ser representadas por *canto* e *cantaré* respectivamente, o galego non presenta formas específicas para a significación de ningunha destas tres relacións, polo que é razoable cuestionármolo seguinte: ¿existen estes valores temporais e son representados polas mesmas formas que refiren os tres vectores directamente á orixe? ¿ou sinxelamente *non existen*? Centrándonos na relación (0oV) -V, a que pode implicar a *cantei* no xogo e a única ben definida no castelán, atopamos que a postura dos que interpretan que o galego *cantei* é "traducción" ou "equivalente" dos *canté* e *he cantado* casteláns ten por base a admisión de que *si* existe tal relación no verbo galego, sendo *cantei* a forma que se ocupa de expresala.

Isto supón admitir todo o que levamos dito provisionalmente sobre *cantei* en valor (0oV) -V, tanto se aparece subordinado en correlación —caso no que tal correlación se referirá a un verbo principal en forma de simultaneidade orixinaria— como se aparece rexendo a un verbo correlativamente subordinado —caso no cal tal verbo aparecerá en forma correlativa de simultaneidade—, e supón, polo tanto, replantexar un

exemplo como o *dice que veu* que presentaba Santamarina como caso de non correlación (1974, 110), pois se aceptamos (0oV) -V entre os valores de *cantei*, tal pode se-la fórmula de *veu* neste exemplo, co que se tratará dun caso de correlación. De todas formas a interpretación de Santamarina sempre quedaría en pé, pois non poderíamos dilucidar se *veu* representa o valor (0oV) -V ou simplemente 0-V, co que o mesmo exemplo podería interpretarse como correlativo ou non, cousa que non sucedería en castelán, onde, segundo houberse ou non concordancia temporal habería que empregar *he cantado* ou *canté*:

Galego	Castelán	
<i>di que veu</i>	<i>dice que ha venido</i>	→ correlación
	<i>dice que vino</i>	→ non correlación

Pasando ó outro extremo, a postura de non aceptación da existencia da fórmula (0oV) -V en galego implicaría reelaborármolo dito verbo da “traducción” de *he cantado*. Efectivamente se aceptamos que tal valor temporal non existe, temos que concluír que *he cantado* é intraducible ó galego por non existir nesta lingua a relación temporal que a dita forma expresa en castelán, polo que a equivalencia máis aproximada que o galego lle pode dar, *cantei*, non é “traducción” ó perderse a referencia de simultaneidade á orixe propia de *he cantado*. Acepta-la non existencia destas relacións a 0oV tamén negaría tódalas consideracións feitas por nós sobre *cantei* como forma de simultaneidade orixinaria e como forma correlativa de simultaneidade, e así exemplos como *digo que choveu* ou *dixen que chove* non poderían ser considerados correlativos nin, polo tanto, equivalentes ós casteláns *digo que ha llovido*, *he dicho que llueve*.

A cuestión non ten unha solución tallante, pero unha cousa é clara: se a relación (0oV) -V existe en galego, é *cantei* e non outra forma quen representa tal valor. Por outra parte o feito comprobado de que *cantei* expresa as relacións 0-V e (0 + V) -V lévanos a supor verosímil que tamén exprese o valor (0oV) -V, que se sitúa no medio de ámbalas dúas relacións temporais¹⁷.

¹⁷ A subordinación temporal pode mostrar algún caso de valor ante-presente para *cantei*; nun exemplo como

8. CONCLUSIONS. O SISTEMA

A nosa análise das funcións de *cantei* no sistema verbal galego permítenos concluí-lo seguinte:

- a) *cantei* representa o valor 0-V: onte *choveu*,
- b) *cantei* representa o valor (0 + V) -V: hoxe choverá e mañá *dirás* que *choveu*; cando chegues a casa, xa *choveu*,
- c) *cantei* posiblemente representa o valor (0oV) -V, que non se pode probar con claridade.

En virtude destes valores *cantei* aparece como forma de anterioridade orixinaria, de posterioridade orixinaria e potencialmente de simultaneidade orixinaria, feito que supón que *cantei* poida rexer dúas tríadas de formas correlativas: as correlativas de anterioridade, *cantaba*, *cantaría*, *cantara* —por mor do seu valor de anterioridade orixinaria— e as correlativas de simultaneidade/posterioridade, *canto*, *cantarei*, *cantei* en virtude dos seus outros dous valores.

Polo tanto é erróneo etiqueta-lo *cantei* galego como forma que exprese a anterioridade absoluta, pois este non é máis ca un dos seus valores. Pola contra o *canté* español non presenta máis significación ca esta anterioridade absoluta, pois non realiza outra fórmula senón 0-V. *Canté* pódese definir positivamente como unha forma verbal que expresa anterioridade primaria á orixe, pois o sistema español ten formas específicas para a expresión da anterioridade a outras referencias, así *había cantado* expresa anterioridade a unha anterioridade orixinaria 0-V; *he cantado*, anterioridade a simultaneidade ou posterioridade orixinarias 0oV e 0 + V, e *habré cantado*, á posterioridade 0 + R (que non ten por que ser orixinaria). Polo contrario *cantei* é máis doadamente definible por medios negativos: expresa anterioridade a *calquera referencia* que non sexa unha anterioridade orixinaria, xa que disto se ocupa o pluscuamperfecto *cantara*.

sempre *chego* cando te *fuches*

os valores dos dous verbos son 0oV/(0oV) -V e a coincidencia da visión que consiste en referir ámbalas dúas formas á orixe mediante un vector orixinario de simultaneidade explica doadamente a reiteratividade expresada polo esquema (posta de manifesto pola indicación *sempre*). O equivalente correcto en castelán non é senón

siempre *llego* cuando te *has ido*

e pensemos que o esquema temporal *canto cuando canté* é imposible nesta lingua (non en boca de galegos):

*siempre *llego* cuando te *fuiste*.

A diferenca entre as dúas linguas é notoria: tres formas castelás, *canté*, *he cantado*, *habré cantado*, repártense un terreo que en galego pertence a unha única forma *cantei*. Este feito entra dentro do grande mecanismo das dúas conxugacións: o galego, carente de “tempos compostos”, adxudica máis valores a algunhas formas verbais có castelán, quen especializa máis cada membro do paradigma por cousa do seu maior número.

Recordando que en galego *cantei* expresa tanto unha anterioridade absoluta como relativa, fronte á única posibilidade significativa do castelán *canté* coa súa conxelada fórmula 0-V, decatámonos de que o perfecto galego non é unha forma tan inocente como puidera parecer. O seu estudio levounos a encara-lo problema da correlación temporal en galego e a poder clasificar as formas do paradigma verbal conforme ó seu comportamento nesta correlación. Así falamos de

a) *formas correlativas de anterioridade*, que poden aparecer subordinadas en correlación a calquera forma o vector orixinario da cal sexa de anterioridade:

cantaba: (0-V) oV
cantaría: (0-V) +V
cantara: (0-V) -V;

formas que se caracterizan por dous vectores obrigatorios, que non teñen por que se-los únicos,

b) *formas correlativas de posterioridade*, que poden aparecer subordinadas en correlación a calquera forma o vector orixinario da cal sexa de posterioridade:

canto: (0 + V) oV
cantarei: (0 + V) +V
cantei: (0 + V) -V;

c) *formas correlativas de simultaneidade*, que poden aparecer subordinadas en correlación a calquera forma o vector orixinario da cal sexa de simultaneidade:

canto: (0oV) oV
cantarei: (0oV) +V
cantei: (0oV) -V.

As tres formas integrantes dos grupos *b* e *c* teñen por fórmula principal a que presentan fóra da subordinación, consistente nun único vector, son os tradicionais “tempos absolutos”:

canto: 0oV
cantarei: 0 + V
cantei: 0-V,

en suma, o distintivo de cada unha destas tres formas é o seu vector primario xunto á imposibilidade de presentaren un vector de orixe negativo, exclusivo das formas do grupo *a*.

O sistema temporal do verbo galego (valores rectos) queda, pois, así:

a) *Indicativo*:

referencias ↓	oV	+V	-V	→ vectores primarios
0	<i>canto</i>	<i>cantarei</i>	<i>cantei</i>	
0oV	
0 + V	
0-V	<i>cantaba</i>	<i>cantaría</i>	<i>cantara</i>	

non se pode pedir máis simetría.

b) *Subxuntivo*: *cante* expresa as mesmas relacións que en indicativo *canto* e *cantarei*; *cantase* (~ -ra), as mesmas que en indicativo *cantei*, *cantaba*, *cantaría*, *cantara*. Atribuímos ó imperativo *canta* o vector 0 + V por entendermos que calquera mandato se refire a un feito posterior, por inmediato que sexa; Rojo (1976) asigna ó imperativo español os valores 0 + V e 0oV.

Para termos completo o cadro lembrémo-la posibilidade das formas de simultaneidade primaria, *canto* e *cantaba*, de funcionaren expresando unha relación primaria de posterioridade:

mañá *chove* (= *choverá*), onde *chove* ten o valor 0 + V,
dixo que mañá *chovía* (= *chovería*), onde *chovía* ten o valor (0-V) +V.

No referente ós “usos dislocados”, por se fundamentaren nos mesmos principios que Rojo (1974, § 5) sinalou para tal fenómeno no verbo español, remitimos ó dito polo citado autor.

REFERENCIAS BIBLIOGRAFICAS

Bello, A. (1841): *Análisis ideolóxica de los tiempos de la conjugacion castellana*, -re-

producción facsimilar de la edición príncipe, Valparaíso, 1841-, Caracas, 1972.

Rojo, G. (1974): "La temporalidad verbal en español", en *Verba*, 1, 1974, 68-149.

——— (1976): "La correlación temporal", en *Verba*, 3, 1976, 65-89.

Santamarina, A. (1974): *El verbo gallego*, *Verba*, anejo 4, 1974.
